

---

# NUNÚ XOGA

Texto de CALLY STRONK

Ilustracións de CONSTANZE v. KITZING

Adaptación de XOSÉ BALLESTEROS

---

Cartón. 16 x 16 cm. 14 páx. 7 €.

**Nunú xoga** (galego)  
ISBN 978-84-8464-343-2. Duros.

**Nunú juega** (castelán)  
ISBN 978-84-8464-344-9. Duros.

**Nunú juga** (catalán)  
ISBN 978-84-16804-34-4. Cartró.

**Nunu brinca** (portugués)  
ISBN 978-989-749-091-0. Cartonados.

**Nunù gioca** (italiano)  
ISBN 978-88-95933-81-8. Cartonati.

**Nunu's games** (inglés)  
ISBN 978-84-8464-345-6. Hard boarded.

*NUNU, BOTA QUE BOTA,  
XOGA COA PELOTA.  
NUNU MONTA FIGURAS  
COAS ARQUITECTURAS...*

“Nunú xoga” é un dos títulos dunha serie de libros de cartón cos cantos romos para pre-lectores e primeiros lectores protagonizada por un pequeno elefante. A importancia do xogo individual e colectivo para desenvolver habilidades motrices, o coñecemento do espazo próximo e a socialización, ocupan este volume: a utilización de pezas para construír figuras, a destreza co balón, o valor da lectura para estimular a imaxinación e, sobre todo, compartir ese tempo de diversión coas amigas e amigos...


Con letras maiúsculas a partir de textos breves e sinxelos de Cally Stronk, Xosé Ballesteros realiza a adaptación elaborando frases rimadas de dous versos en cada dobre páxina. Así, o ritmo e a musicalidade están presentes de principio a fin.

A ilustradora Constanze v. Kitzing representa obxectos e personaxes recoñecibles, expresivos, de contornos definidos. Recorre a cores suaves sobre fondos neutros que centran a atención en cada acción. Trátase de escenas dinámicas, con variedade de planos e enfoques, acordes ao movemento que implica xogar.

---

www.**Kalandraka**.com  
comunicacion@kalandraka.com

---



- **Temática:** o xogo individual e colectivo.
- **Idade recomendada:** pre-lectores de 0 a 3 anos, primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** motricidade, desenvolverse na contorna, socialización; das autoras de “Nunú no xardín”; da ilustradora de “Gatiño e o balón”, “Gatiño e a neve” e “Gatiño e as vacacións” (KALANDRAKA).

## Cally Stronk

(Bonn, 1977)

Estudou Comunicación social e económica na Universidade de Artes de Berlín. Traballou en varias editoriais alemanas, ademais de colaborar co colectivo artístico Atelier Flora. Dende 2011 publicou varios libros infantís cos que recibiu distincións como o Premio Communication Design Award 2012. A súa obra figura nas listas Die Kinder-und Jugendbuchliste e The White Ravens. É directora de proxectos da canle informativa sobre o mundo do libro Friedrich&Freunde. Tamén é directiva da Asociación de Escritores Alemáns.

<http://callystronk.blogspot.com>

## Constanze v. Kitzing

(Göttingen, 1980)

Estudou Ilustración na Universidade de Ciencias Aplicadas de Hamburgo, na Escola de Arte e Deseño de Minneapolis (Estados Unidos) e na Universidade de Weimar (Bauhaus). Participa en talleres creativos e publicou en varias editoriais europeas. Ademais de ilustradora, tamén é deseñadora da revista Der Spiegel. A súa obra foi seleccionada para a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña 2010. Foi distinguida nos premios 3x3 Children's Show 2011 (EEUU) e CJ Picture Book Award 2011 (Corea).

<http://www.constanzevonkitzing.de>

